

Estimados membros da comunidade universitaria,

Desde a dirección da Universidade Sénior comprácame poñerme en contacto convosco, para vos anunciar o comezo dos prazos de preinscrición e matrícula na Universidade Sénior da Universidade da Coruña para o curso 2017-2018.

A **Universidade Sénior da Universidade da Coruña** imparte estudos destinados a un sector da sociedade maior de 50 anos que concluíu a súa vida laboral e demanda un novo tipo de formación actualizada e axeitada ás súas inquiredanzas formativas e intereses culturais.

O programa de estudos consta de catro cursos académicos. Logo de completar os catro cursos o/a alumno/a poderá conseguir o **Título de Graduado Sénior** pola Universidade da Coruña.

As condicións de acceso ao programa son: **idade igual ou superior a 50 anos, situación laboral non activa** (xubilados, prexubilados, parados e persoas sen actividade laboral remunerada) e **coñecementos básicos**.

O período de solicitude de praza para alumnos e alumnas de novo ingreso (1º curso) terá lugar entre o 26 de xuño e o 31 de xullo, e do 1 ao 5 de setembro nos campus da Coruña e Ferrol.

Os impresos de preinscrición e matrícula pódense descargar na páxina web da Universidade Sénior: https://www.udc.gal/senior/impresos_matricula/index.html

Para máis información:

https://www.udc.gal/senior/plano_estudos/

- **Universidade Sénior en Ferrol.** Edificio de Usos Administrativos do Campus de Esteiro. Teléfono: 981 337 400. Extensión: 3631

Solicítovos que nos axudedes a difundir esta información entre todas aquelas persoas do voso contorno, que puideren estar interesadas.

Desde a Universidade Sénior enviámosvos un cordial saúdo,

Matilde García Sánchez
Directora Universidade Sénior-UDC